



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia celebra o Día do Biólogo

Nomearanse o Biólogo e Empresa do Ano e Membro de Honra do Colexio

Santiago, 13 de maio de 2015. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebra de novo o venres día 15 de maio o **Día do Biólogo** a partir das 19:00 horas, no Pazo de Adrán (Calo-Teo).

Á cita, que será ocasión de encontro e de compartir experiencias, están convidados especialmente aqueles colexiados que levan 25 anos no Colexio, que serán obxecto de recoñecemento pola súa ininterrumpida pertencencia a él.

Este ano a distinción de **Biólogo do Ano** será para D. Xosé Manoel Romarís, que desenvolveu toda a súa actividade profesional na Administración marítimo-pesqueira e marisqueira ocupando diversos cargos de responsabilidade pola súa disposición a favor das reivindicacións do colectivo e a de **Empresa do Ano** para FEIRACO Sociedade Cooperativa Galega en atención ao seu impulso á gandería, explotación e transformación láctea dunha importante área de Galicia, implicando a moitos gandeiros galegos, apostando pola sustentabilidade e favorecendo a profesión ao admitir alumnos de Bioloxía en prácticas e contar con biólogos en plantilla.

Así mesmo, D. Amancio Landín, no seu momento Conselleiro de Pesca, será nomeado **Membro de Honra**, por ter contribuído notoriamente ao desenvolvemento da profesión de biólogo, creando a Delegación de Galicia do Colexio Oficial de Biólogos, impulsando a profesión e a colexiación na nosa Comunidade e establecendo as bases do que é o Colexio actual.

O Colexio de Biólogos de Galicia está formado actualmente por máis de mil trescentos colexiados e creouse en 1987. O 60 % son mulleres.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40

info@biologosdegalicia.org